



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Número 630
11 de maio de 2020



SUMARIO

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 64169) no que solicita, ao abeiro do artigo 56.4 do Regulamento e en cumprimento do acordo sobre funcionamento da Deputación Permanente asinado por unanimidade dos grupos o 4 de maio de 2020, a convocatoria dunha sesión da Deputación Permanente

[202461](#)

2.4.3. Convocatorias

Convocatoria da Deputación Permanente (13 de maio, ás 10.00 horas)

[202457](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2020, pola que se determina a xornada e horario de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia pola entrada en vigor do Decreto 45/2020, do 18 de marzo, que deixa sen efecto a celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada da covid-19

[202459](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia no que solicita unha corrección de erros da pregunta doc. núm. 63970 cualificada e admitida a trámite pola Mesa da Deputación Permanente do 29 de abril de 2020 (doc. núm. 64168)

[202459](#)



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 64169) no que solicita, ao abeiro do artigo 56.4 do Regulamento e en cumprimento do acordo sobre funcionamento da Deputación Permanente asinado por unanimidade dos grupos o 4 de maio de 2020, a convocatoria dunha sesión da Deputación Permanente

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 64169, o escrito do G. P. Popular de Galicia no que solicita, ao abeiro do artigo 56.4 do Regulamento e en cumprimento do acordo sobre funcionamento da Deputación Permanente asinado por unanimidade dos grupos o 4 de maio de 2020, a convocatoria dunha sesión da Deputación Permanente.

A Presidencia, en uso da delegación de competencias outorgada pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 14 de febreiro de 2020 (BOPG nº 608, do 18 de febreiro de 2020), resolve:

1º. Admitir a trámite o escrito do G. P. Popular de Galicia no que solicita, ao abeiro do artigo 56.4 do Regulamento e en cumprimento do acordo sobre funcionamento da Deputación Permanente asinado por unanimidade dos grupos o 4 de maio de 2020, a convocatoria dunha sesión da Deputación Permanente, coa seguinte orde do día.

Dentro dela inclúese, co apoio do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a petición de comparecencia solicitada polo Goberno con número de rexistro 64141; e as preguntas escollidas polos distintos autores cuxa inclusión é proposta por unanimidade de todos os grupos.

Punto 1. Comparecencia do conselleiro de Cultura e Turismo para dar conta do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, solicitada pola Xunta de Galicia (doc. núm. 64141).

Punto 2. Preguntas ao Goberno.

- 63877 (10/PODP-007673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores por mor da pandemia da covid-19

- 63835 (10/PODP-007663)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis



Sobre a actuación inspectora e sancionadora da Xunta de Galicia nos centros de atención a maiores nos últimos anos

- 64006 (10/PODP-007704)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns polas que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria

- 63905 (10/PODP-007681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do tratamento da información na CRTVG durante a pandemia da covid-19

- 63907 (10/PODP-007682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o impacto do coronavirus nas residencias de maiores na Comunidade autónoma de Galicia

- 63970 (10/PODP-007696)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego ante posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de contaxios

- 64122 (10/PODP-007766)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da coordinación no CECOP das actuacións da administración autonómica, do Mando Único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19

- 64125 (10/PODP-007769)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da actuación do Goberno central en relación á situación das industrias electrointensivas

- 64140 (10/PODP-007782)

Grupo Parlamentario PODPular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre os fondos cos que contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7 % social do IRPF



2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa da Deputación Permanente que teña lugar.

3º. Publicar a presente resolución e o doc. núm. 64169 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2.4.3. Convocatorias

A Presidencia, logo da solicitude formulada no doc. núm. 64169, resolveu convocar a Deputación Permanente para o día 13 de maio de 2020, ás 10.00 horas, coa seguinte orde do día:

Punto 1. Comparecencia

64141 (10/SCDP-000016)

Do señor conselleiro de Cultura e Turismo, a petición propia, para dar conta do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19.

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020

Punto 2. Preguntas

2.1 63905 (10/PODP-007681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia do tratamento da información na CRTVG durante a pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 627, do 30-04-2020

2.2 64122 (10/PODP-007766)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da coordinación no Centro de Coordinación Operativa das actuacións da Administración autonómica, do mando único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020

2.3 64006 (10/PODP-007704)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre as razóns polas que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020



2.4 64125 (10/PODP-007769)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da actuación do Goberno central en relación á situación das industrias electrointensivas

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020

2.5 63970 e c.e. 64168 (10/PODP-007696)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego ante posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus SARS-CoV-2 tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de contaxios

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 627, do 30-04-2020

2.6 63835 (10/PODP-007663)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre a actuación inspectora e sancionadora da Xunta de Galicia nos centros de atención a maiores nos últimos anos

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 627, do 30-04-2020

2.7 63877 (10/PODP-007673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores por mor da pandemia da covid-19

Publicación da iniciativa BOPG: núm. 627, do 30-04-2020

2.8 63907 (10/PODP-007682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o impacto do coronavirus nas residencias de maiores na comunidade autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 627, do 30-04-2020

2.9 64140 (10/PODP-007782)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e sete deputados/as máis

Sobre os fondos cos que contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7 % social do IRPF

Publicación da iniciativa: BOPG núm. 629, do 08-05-2020

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2020, pola que se determina a xornada e horario de traballo do persoal da Administración do Parlamento de Galicia pola entrada en vigor do Decreto 45/2020, do 18 de marzo, que deixa sen efecto a celebración de eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada da covid-19

Tendo en conta que o Decreto 45/2020, do 18 de marzo, deixa sen efecto o Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, faise necesario proceder a actualizar o horario fixado pola Resolución da Presidencia do 11 de febreiro de 2020, do seguinte xeito:

1. A xornada de traballo mantense única e continua para o persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia ata a semana anterior á data que o novo decreto de convocatoria de eleccións fixe para a sesión constitutiva.

O horario será o seguinte: de luns a venres, de 8.30 a 14.30 horas.

Exceptúase deste horario o persoal adscrito á Xunta Electoral de Galicia, que terá xornada partida, dende a publicación do decreto de convocatoria de eleccións.

2. O horario do Rexistro xeral da Cámara será de 9.30 a 14.00 horas.

3. Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e ao Servizo de Asistencia Parlamentaria.

4. Publicar a presente resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2020, pola que se admite a trámite o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia no que solicita unha corrección de erros da pregunta doc. núm. 63970 cualificada e admitida a trámite pola Mesa da Deputación Permanente do 29 de abril de 2020 (doc. núm. 64168)



No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 64168, o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia no que solicita unha corrección de erros da pregunta doc. núm. 63970 cualificada e admitida a trámite pola Mesa da Deputación Permanente do 29 de abril de 2020.

A Presidencia, en uso da delegación de competencias outorgada pola Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia na súa reunión do 14 de febreiro de 2020 (BOPG nº 608, do 18 de febreiro de 2020), resolve:

1º. Admitir a trámite o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia, no que solicita unha corrección de erros da pregunta doc. núm. 63970, cualificada e admitida a trámite pola Mesa da Deputación Permanente do 29 de abril de 2020.

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa da Deputación Permanente que teña lugar.

3º. Publicar a presente resolución e o doc. núm. 64168 no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa da Deputación Permanente

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e dos seus membros titulares na Deputación Permanente, ao abeiro do disposto no artigo 56.4 do Regulamento e en cumprimento do acordo sobre funcionamento da Deputación Permanente asinado por unanimidade dos grupos o 4 de maio de 2020 (documento número 64048), solicita a convocatoria dunha sesión da Deputación Permanente coa seguinte orde do día.

Dentro da mesma se inclúe, co respaldo do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a petición de comparecencia solicitada polo Goberno con número de rexistro 64141; e as preguntas escollidas polos distintos autores cuxa inclusión é proposta por unanimidade de todos os grupos.

Proposta de orde do día:

Punto 1. Comparecencia do conselleiro de Cultura e Turismo para dar conta do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, solicitada pola Xunta de Galicia a través do documento número 64141.

Punto 2. Preguntas ao Goberno.

A proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego:

- PODP 63877 sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores por mor da pandemia da covid-19

A proposta do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda:

- PODP 63835 sobre a actuación inspectora e sancionadora da Xunta de Galicia nos centros de atención a maiores nos últimos anos



- PODP 64006 sobre as razóns polas que o Goberno galego non ten posto en funcionamento axudas directas a autónomos que tiveron que pechar as súas actividades por mor da crise sanitaria

A proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia:

- PODP 63905 sobre a valoración pola Xunta de Galicia do tratamento da información na CRTVG durante a pandemia da covid-19
- PODP 63907 sobre o impacto do coronavirus nas residencias de maiores na comunidade autónoma de Galicia
- PODP 63970 sobre as previsións do Goberno galego ante posibles escenarios próximos na evolución de contaxios do virus SARS-CoV-2 tanto en termo inmediato como nunha segunda onda de contaxios

A proposta do Grupo Parlamentario Popular de Galicia:

- PODP 64122 Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da coordinación no CECOP das actuacións da administración autonómica, do Mando Único estatal e das entidades locais galegas durante a emerxencia sanitaria provocada pola covid-19
- PODP 64125 Sobre a valoración polo Goberno galego da actuación do Goberno central en relación á situación das industrias electrointensivas
- PODP 64140 sobre os fondos cos que contará a Xunta de Galicia neste exercicio para xestionar o tramo autonómico das subvencións a entidades sociais con cargo ao 0,7% social do IRPF

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 08/05/2020 11:55:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 08/05/2020 11:56:03

Paula Prado Del Río na data 08/05/2020 11:56:29


Raquel Arias Rodríguez na data 08/05/2020 11:56:52

Moisés Blanco Paradelo na data 08/05/2020 11:57:15

Cristina Isabel Romero Fernández na data 08/05/2020 11:57:37

Gonzalo Trenor López na data 08/05/2020 11:57:57





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

